

Calendario de conferencias

Salón de Actos da Casa Galega da Cultura
Praza da Princesa, 2. Vigo

XOVES, 7 DE MAIO, 20.00 H.

Guerra e revolución en Galicia: a batalla ideolóxica
Xosé Ramón Barreiro (REAL ACADEMIA GALEGA)

MARTES, 12 DE MAIO, 20.00 H.

Guerra e revolución, 1808-1814
Juan Francisco Fuentes
(UNIVERSIDAD COMPLUTENSE DE MADRID)

XOVES, 14 DE MAIO, 20.00 H.

*Cidades ocupadas, Galicia en guerra, 1808-1814:
¿Reconquista e liberdades??*
Rafael Vallejo Pousada (UNIVERSIDADE DE VIGO)

MARTES, 19 DE MAIO, 20.00 H.

A guerra en Galicia e a Reconquista de Vigo
Luis Domínguez Castro (UNIVERSIDADE DE VIGO)

XOVES, 21 DE MAIO, 20.00 H.

A memoria da Guerra da Independencia en Galicia
Xosé Manoel Núñez Seixas
(UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA)

MARTES, 26 DE MAIO, 20.00 H.

A Cartografía de Galicia durante a Guerra da Independencia
Gonzalo Méndez Martínez (UNIVERSIDADE DE VIGO)

XOVES, 28 DE MAIO, 20.00 H.

O pobo durante a Guerra da Independencia
Ronald Fraser (HISTORIADOR)

ORGANIZA:



COLABORAN:



CICLO DE CONFERENCIAS

Cidades en guerra, 1808-1814 Galicia na Guerra da Independencia

Casa Galega da Cultura, Vigo
do 7 ao 28 de maio de 2009, 20.00 horas



Imagen de cubierta: Vicente Díaz González, *Guerrillero gallego de la Independencia*, 1912
Óleo sobre lienzo, 92 x 53 cm. Museo de Bellas Artes de A Coruña

Cidades en guerra, 1808-1814 Galicia na Guerra da Independencia

COORDINADOR: RAFAEL VALLEJO POUSADA

Co gallo da conmemoración do bicentenario da Reconquista de Vigo e da Guerra da Independencia en Galicia, a Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales e a Alcaldía de Vigo desenvolveron un programa de actividades centrado naqueles acontecementos.

Os primeiros seis meses de 1809 foron para Galicia os peores da contenda. Foi un período de ocupación sen control efectivo do reino por parte do exército francés. É o momento en que ocupan as súas cidades e as súas vilas se mobilizan ante a invasión; dos desastres da guerra (fame, miseria e morte). Éo, asemade, do heroísmo, das reconquistas, da independencia territorial.

Unha desas reconquistas foi a de Vigo, transcendente para a historia local e galega. Dende o 28 de marzo de 1809, Vigo converteuse na capital da liberación de Galicia e demostrou, como primeira liberación permanente, que era posible dobregar o exército galo, o que se consumou definitivamente en xuño de 1809.

Para divulgar o coñecemento daqueles feitos pareceunos oportuno organizar un ciclo de sete conferencias co título «Cidades en guerra, 1808-1814. Galicia na Guerra da Independencia», con dous criterios que o articulan: o primeiro, adoptar un punto de vista local, vigués e galego, mais non localista. O segundo, abordar o conflito en toda a súa amplitude: temporal, para non quedar só en 1809, e conceptual.

A guerra non se limitou en Galicia ao primeiro semestre de 1809. O pobo galego proseguiu co seu esforzo bélico para se defender ante un posible regreso das tropas francesas e para colaborar na acción colectiva de independencia do pobo español. Esta loita serviu de modelo no continente para acabar co dominio napoleónico.

Doutra banda, durante o período convulso de 1808 a 1814 produciuse en Galicia e en España unha «revolución política nacional», coa que se procurou un modelo de convivencia cimentado nas liberdades cidadás. Con ela xurdiu un conflito ideolóxico entre partidarios do absolutismo e partidarios da soberanía nacional e os dereitos cidadáns, que rematou en 1814 en forma de represión, penas de cárcere ou exilio para os patriotas liberais.

Todo isto é o que queremos explicar neste ciclo. Para iso acudimos a un grupo de recoñecidos especialistas da universidade galega e española, que ilustrarán a dimensión nacional da guerra e da revolución, as xestas militares e os condicionantes estruturais que limitaron o control de Galicia polo exército napoleónico. Trataranse tamén outros temas como o conflito ideolóxico no noso país, o desenvolvemento da cartografía militar, a memoria da guerra e a reconquista e, por último, cómo o pobo viviu a guerra. Naquela contenda houbo proezas; no entanto, como en todas as guerras, houbo, sobre todo, morte e desolación, de maneira que, en Galicia e en Vigo, as clases populares quedaron en peores condicións vitais que as que xa sufrían en 1808, sen ocupación estranxeira mais tamén sen liberdades.